



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde
do Concello de **TORDOIA (A Coruña)**

FAI SABER

Que pola Orde do 21 de xuño de 2019 se determinan as bases reguladoras e se convocan **prazas de persoas colaboradoras bolsseiras para as residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso 2019/20** (DOG nº 127 do 5/7/2019) **BS303C**

Obxecto: Convocar a oferta de prazas de persoas colaboradoras-bolsseiras nas residencias xuvenís dependentes da consellería de Política Social para o curso 2019/20. O número de prazas convocadas e a súa distribución por residencias é a seguinte:

- Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo). 4 home/muller.
- F.L. Cuevillas (Ourense). 5 home/muller.
- Altamar (Vigo). 6 home/muller.

Requisitos de acceso:

- Posuír nacionalidade española ou ser nacional de calquera país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España no momento da solicitude da praza.
- Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data o 31 de decembro do ano en curso.
- Estar cursando estudos universitarios, estudos superiores en ensinanzas artísticas ou ciclo formativo de grao superior que admitan a formación e a practica a través de calquera das tarefas que se poidan desenvolver nunha residencia xuvenil.
- Non ter perdido con anterioridade a condición de colaborador por causa imputable a/ao solicitante.
- Non padecer defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento normal da actividade do centro.
- Ter unha renda media familiar que non supere o 150 % do IPREM do ano en curso (a dita renda media calcúlase segundo o establecido no artigo 9.1.b).

Lugar de presentación:

- Preferiblemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo: <https://sede.xunta.es>
- Nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social
- En calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Prazo de presentación: Un mes contado desde o día seguinte á publicación da orde. Ata o 5 de agosto de 2019.

Máis información: servizos sociais comunitarios

Tordoia , a 15 de xullo de 2019

O alcalde

